

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 16 de xuño de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, reparacións e subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a TALLERES FONTÁN, S.L.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
  1. RECALVI, S.L.: Deberá presentar novamente o DEUC e o anexo III de RIC MOTORSPORT VIGO, S.L. e WAVECORE, S.L. asinados dixitalmente polas persoas con poder de representación de cada unha das empresas (a firma manuscrita non ten validez).
  2. RODI GALICIA, S.L.: deberá presentar un novo Anexo II no que se comprometa a adscribir ao contrato os medios esixidos no apartado 5F das FEC do PCAP no apartado d).
  3. ÓSCAR CASTRO GÓMEZ: infórmase que o anexo III do PCAP está previsto para os supostos en que o licitador conorra á licitación con solvencia dun terceiro que sería quen tería que asinar o citado documento. Nese suposto tamén se debería indicar esta circunstancia no DEUC (Parte II - C: Información sobre el recurso a la capacidad de otras entidades - ¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?) e o terceiro debería presentar un DEUC debidamente cumprimentado e asinado dixitalmente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 14:31	Páxina 1 de 3
15161-445	CSV: ACA4A8-814DED-83E58F-U4DR7U-96SLFZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Se realmente non concorre a esta licitación con solvencia dun terceiro e a presentación do Anexo III é errónea, deberá presentar un escrito aclarando esta circunstancia e solicitando deixar sen efecto este documento.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, reparacións e subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo de tres días a 3 dos licitadores para a emenda da documentación persoal.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día 20 de xuño de 2022.

Advírteselle de que, conforme ao previsto no artigo 150.2 da LCSP, de non presentarse a documentación requirida en prazo, entenderase que retira a súa oferta, o que dará lugar a esixirle ao licitador o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación IVE excluído en concepto de penalidade así como a imposición dunha prohibición de contratar, pola causa prevista no artigo 71.2.a do LCSP "retirar indebidamente a súa proposición ou candidatura nun procedemento de adxudicación, ou haber imposibilitado a adxudicación do contrato ao seu favor por non cumprimentar o establecido no apartado 2 do artigo 150 dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia".

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 14:31	Páxina 2 de 3
15161-445	CSV: ACA4A8-814DED-83E58F-U4DR7U-96SLFZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/06/2022 14:31	Páxina 3 de 3
15161-445	CSV: ACA4A8-814DED-83E58F-U4DR7U-96SLFZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		